



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS URBANISTICOS

Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, polo artigo 106 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto cos artigos 15 e 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Marín establece a Taxa por Licencias e Servizos Urbanísticos que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa:

1º.- A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo, a que se refiren as Leis sobre réxime do solo e ordenación urbanística e lexislación concordante, que se realicen no termo municipal, se axustan ás normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na lexislación e no planeamento e normativa urbanística do Municipio.

2º.- As consultas e informes urbanísticos.

Artigo 3.- SUXEITOS PASIVOS

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que sexan propietarios ou posuidores, ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.

2.- En todo caso, terán a consideración de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas das obras.

Artigo 4.- RESPONSABLES

1- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.



Artigo 5.- BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

A) LICENCIAS DE OBRAS E PROXECTOS DE URBANIZACION

1.- Constitúe a base imponible da taxa o custo real e efectivo da obra civil cando se trate de movementos de terra, obra de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes, entendéndose por tal, a estes efectos, o custo de execución material da mesma.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio profesional do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente o custo de execución material.

2. A cota tributaria será o resultado da aplicación dos tipos sinalados no anexo á base imponible do apartado anterior.

B) LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACION.

A realización da actividade de comprobación de que as novas construcións reúnan os requisitos esixidos nas Ordenanzas Municipais e Plans de Urbanismo así como as condicións das vivendas, se liquidarán conforme ás tarifas sinaladas no anexo.

A licenza de primeira ocupación concederase ó edificio ou vivenda unifamiliar consonte a licenza urbanística obtida, esixirase ademais no suposto de modificacións do uso, e a súa expedición non presupón a imposibilidade de posteriores comprobacións do mantemento do estado de habitabilidade das vivendas.

C) PARCELACIONES OU AGRUPAMENTO

Pola actividade técnica e administrativa a desenrolar cara o outorgamento de licenza de parcelación ou agrupamento satisfarase unha cota resultante da multiplicación da tarifa que figura no anexo, segundo o tipo de solo, polos m² do ámbito de aplicación da actuación solicitada, e dicir, da finca matriz no caso de segregación ou da resultante no de agrupación.

D) DECLARACION DE RUINA.

A actividade desenrolada a partires da solicitude de declaración de ruína dunha edificación liquidarase por expediente, satisfacendo as tarifas sinaladas no anexo segundo o solo onde se atope ubicada a edificación cuxa declaración ruínosa se inste.



E) DICTAMEN DOS TECNICOS MUNICIPAIS

As solicitudes de recoñecemento do estado de inmobles particulares xa sexa sobre as condicións de seguridade ou legalidade asimílanse as informacións urbanísticas.

F) INSTALACION DE CARTEIS DE PROPAGANDA.

A superficie dos carteis de propaganda, colocados en firme visible dende a vía pública, servirá de base impositiva neste suposto e satisfarase unha cota resultante da multiplicación da tarifa que figura no anexo polos metros cadrados dos mesmos.

G) INFORMACIONES URBANISTICAS

As solicitudes de condicións ou información urbanística liquidaranse por solicitude ou expediente, satisfacendo a tarifa sinaladas no anexo.

Artigo 6.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción desta taxa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 7.- DEVENGO

1.- A taxa devéngase e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo. A estes efectos entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da oportuna solicitude de licenza urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2.- Cando as obras se iniciaran ou executaran sen obter a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente por infracción.

3.- A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola concesión da licenza condicionada á modificación do proxecto presentado.

4.- Nos supostos de denegación da licenza solicitada ou de renuncia ou desistimento do solicitante a mesma con anterioridade á resolución do expediente, procederase, si se tivera aboado conforme ó procedemento disposto no artigo 9 á devolución dos importes ingresados por este concepto.



Artigo 8.- DECLARACION

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de obras presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, acompañando proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, na que se faga constar o importe estimado da obra, medicións e destino do edificio, e o cuestionario a que fai referencia o artigo 2 do R.D.69/89, de 31 de marzo da Xunta de Galicia.
2. Cando se trate de licencias para aqueles actos nos que non sexa esixible a formulación dun proxecto subscrito por técnico competente, á solicitude acompañarase un orzamento das obras a realizar, con descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto cuxos datos permitan comproba-lo custo daquelas.
3. Se dito orzamento non se presentase, o custo fixarase por aplicación dos módulos de valoración establecidos por este Concello e recollidos como anexo II desta Ordenanza; se non figurase entre as do Anexo, a obra realizada valorarase polo Servizo Técnico Municipal
4. Se despois de formulada a solicitude de licenza se modificase ou ampliase o proxecto deberá poñerse en coñecemento da Administración municipal, acompañando un novo orzamento ou o reformado, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.
5. En tódolos casos os módulos de valoración actuarán como custos mínimos, de xeito que se o orzamento presentado fose menor que o que se obtivera en base a aqueles, tomarase coma base impositiva da taxa este último.

Artigo 9.- LIQUIDACION E INGRESO

1. Liquidarase e esixirase o importe da taxa unha vez concedida a licenza urbanística. Non obstante, poderá esixir o importe da Taxa no momento de presenta-la solicitude de licenza de obra, en calidade de depósito previo.
2. A administración municipal poderá comprobar o custo real e efectivo unha vez terminadas as obras, e a superficie dos carteis declarada polo solicitante, e, á vista do resultado de dita comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, con dedución, no seu caso, da liquidación inicial.
3. As liquidacións que se practiquen serán notificadas ó suxeito pasivo substituto do contribuínte para o seu ingreso directo nas arcas municipais utilizando os medios de pago e nos prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.

Artigo 10.- INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que coas mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.



DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, e comezará a aplicarse a partir do primeiro día do mes seguinte ó da súa publicación, permanecendo en vigor mentres non se modifique ou derroque expresamente.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A presente ordenanza fiscal derroga calquera outra anterior sobre a materia existente neste Concello, dende o momento da efectiva aplicación da presente ordenanza.

Esta ordenanza foi publicada no Boletín Oficial da Provincia número 73 de data 16 de abril de 2007



Concello de Marín

Ayuntamiento de Marín

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS URBANISTICOS

ANEXO I

A cota tributaria calcularase aplicando as porcentaxes e tarifas que a continuación se sinalan segundo o feito impositivo de que se trate:

I) LICENCIAS URBANISTICAS	TIPO
A) NO CASCO URBAN	0,80%
B) FORA DO CASCO URBÁN	
B.1 Se o orzamento de execución é inferior a 90.000,00 €	0,60%
B.2 Se o orzamento de execución é superior a 90.000,00 €	0,80%
C) EN TODO O TERMO MUNICIPAL	
C.1 Obras de instalación de industrias de fabricación ou transformación	0,10%
C.2 Obras de carácter social, benéfico e recreativo	0,10%
D) COTA MINIMA A LIQUIDAR	10,00 €

II) LICENCIAS DE PRIMEIRA OCUPACION	TARIFA/CADA UNHA
A) EDIFICIOS	100 €/vivienda
B) VIVENDAS UNIFAMILIARES	200,00 €

III) PARCELACIONES E REPARCELACIONES	TARIFA / M2 ou fracción
A) NO SOLO URBAN OU URBANIZABLE POR M2	0,24
B) NO SOLO NON URBANIZABLE POR M2	0,03

IV) DECLARACION DE RUINA	TARIFA
A) NO SOLO URBAN	600,00 €
B) NO RESTO DO TERMO MUNICIPAL	400,00 €

V) OUTROS	TARIFA
A) CARTEIS DE PROPAGANDA	5,00 €/M2 ou fracción
B) INFORMACIONES URBANISTICAS	55,00 €



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS URBANISTICOS

ANEXO II

MODULOS DE VALORACION MINIMOS

A) MODULOS DE CONSTRUCCION

m2 Vivenda unifamiliar no rural (adscritas a explotacións agropecuarias)	300,00 €
m2 Chalé (Uso residencial-zona litoral)	540,00 €
m2 Edificio de Vivendas P.O.	252,00 €
m2 Edificio vivendas libres	480,00 €
m2 Nave industrial	102,00 €
m2 Obras de reforma	84,00 €
m2 Sótanos e locais comerciais	168,00 €

O m2 de trasteiros e azoteas terá coma módulo o 50% do sinalado para o m2 da construción de que se trate,

B) MODULOS PARA OBRAS MENORES

UNID.	CONCEPTO OBRAS MENORES	€/UNID.
m2	Substitución carpintería aluminio	108,00
m2	Substitución carpintería madeira	132,00
m2	Porta de madeira	132,00
m2	Reposición de cristais	9,60
m2	Reposición de cuberta	36,00
m2	Solo de terrazo	18,00
m2	Solo de cemento	11,40
m2	Solo de parquet	27,00
m2	Rodapé	5,00
m2	Encintado	4,20
m2	Limpeza paredes de pedra	7,80
m2	Pintura	2,40
m2	Azulexado	15,00
m2	Reboque	7,20
m2	Falso teito	7,20
m2	Mampara	51,00
m2	Impermeabilización	7,20
m.1	Baixante	9,00



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

m.2	Tabique ladrillo	9,00
m.2	Rexas de seguridade	54,00
m.2	Picar cales	3,60
m.3	Limpeza ou desbroce de terreos	2,40
m.3	Excavación	3,60
Ude.	Punto de luz. Enchufe	15,00
Ude.	Fosa séptica tipo "PRU"	720,00
Ude.	Pozo de auga de barrena	900,00
Ude.	Lápida	36,00
Ude.	Cheminea	150,00
Substitución de sanitarios:		
	Bañeira	106,00
	Lavabo	90,00
	Bidé	78,00
	Inodoro	120,00
m2	Construción escaleira	27,00
m2	Apertura de buraco	30,00
m2	Toldo	60,00
m2	Marquesina	180,00
m.1	Cala	30,00
Ude.	Entrada de carruaxes	108,00
m2	Rótulo opaco saliente	450,00
m2	Rótulo opaco adosado	390,00
Ude.	Instalación grúa	450,00
m.1	Peche de alambre con postes e cementados	12,00
m.1	Peche de bloques de formigón e cementación	21,00
m.1	Peche de pedras	72,00
m3	Muro de contención	120,00
m2	Construción de cuarto de baño	810,00
m2	Construción de galpón	90,00
m3	Demolición de muro	4,80